



ORDENANZA FISCAL Nº 16: REGULADORA DA TAXA POLO DESAUGAMENTO DE TELLADOS E OUTRAS ESTRUTURAS ANÁLOGAS SOBRE TERREOS DE USO PÚBLICO.

PUBLICACIÓN.

INICIAL, BOP 30/12/89
ADPTACIÓN L25/98, BOP 31/12/98
Cambio a euros. (pleno 30/11/99).
MODIFICACION BOP 29/12/2012.
MODIFICACION BOP 26/12/2013.

Concepto

Art. 1º.- De acordo co disposto nos art. 15 a 19 do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), este Concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por desaugue de tellados e outras estruturas análogas sobre terreos de uso público.

A presente taxa derivase igualmente da normativa que se contén na Lei 25/98, do 13 de Xullo, modificadora do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenamento das Prestacións de Carácter Público.

Obxecto

Art. 2º.- Están obrigadas ó pagamento da taxa regulada na presente ordenanza as persoas físicas ou xurídicas, propietarias ou usufrutuarías dos inmobles que se encontren nalgunha das circunstancias seguintes:

a) Os que carezan totalmente de instalacións para a recolla e vertido das augas pluviais, ou que aínda dispondo delas as tiveran deterioradas ou atuídas, vertendo as augas sobre os terreos de uso público.

b) Os inmobles que verteran augas directamente á vía pública ou terreos de uso público dende canos, gárgolas ou outras instalacións análogas.

Están exentas as persoas físicas ou xurídicas propietarias ou usufrutuarías de inmobles que dispondo de instalacións adecuadas verteran directamente augas á rede de saneamento, de tal xeito que non se ocasione o desaugamento en terreos de uso público.

Art. 3º.- A obriga de pagamento da taxa regulada na presente ordenanza nace da utilización ou aproveitamento dos terreos de uso público por desaugamento de canos e outras instalacións análogas.

Contía



Art. 4º- A contía da taxa regulada na presente ordenanza será fixada tomando como base os metros de fachada dos inmobles que linden co terreo de uso público, de acordo coa seguinte tarifa:

Por cada metro lineal ou fracción, ó ano: 3,12 EUROS.

Normas de xestión

Art. 5º.- As contías esixibles de acordo coa tarifa anterior, enviaranse nun só recibo e terán carácter anual e irreducible. As correspondentes á primeira anualidade faranse efectivas ó se producir a alta e as restantes na forma e datas que determinen as normas de recaudatorias vixentes.

Art. 6º.- Anualmente formarase un censo ou matrícula na que han de figurar todas as fincas suxeitas ó pagamento da taxa.

A solicitude de baixa, previa a correspondente comprobación, surtirá efectos a partir do ano natural seguinte ó da súa presentación. A non presentación de baixa determinará a obriga de continuar abonando a taxa.

Exencións

Art. 7º.- Non se recoñecen exencións nin bonificacións.

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función do IPC correspondente.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal en reunión do 31 de outubro de 2013, substitúe e derroga ó da anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.